





Benia quen constrúe a paz!

ANO XXXVI • Nº 968 - Do 29 de maio ao 11 de xuño de 2017



A foto que fala

Exportando estilismo galego



O trasno Paz Lamela, we miss you

Daniel López Muñoz



Foi ben guapo celebrar as Letras Galegas arredor de Carlos Casares, un contador de historias galego practicante, sen moitas máis etiquetas ca as de incansable traballador, home afable e lingüisticamente coherente, alguén que vivía e traballaba en galego.

Dicían os seus fillos que na súa casa o pai lles falaba galego e a nai, sueco.

Esta afirmación, a un marciano -ou a un holandés, para non irmos tan lonxe-, podería parecerlles unha vulgaridade. Seríao, de feito, en calquera sitio. En Galicia é mesmo revolucionaria.

Que Galicia sexa a única nación peninsular na que decrecen os falantes en lingua propia, especialmente entre a xente nova, pode ter moitas orixes e causas, que os expertos non deixaron de analizar e repetir nese “gran día” no que os faladoiros falan da fala. Que se o prestixio, que se o ensino, que se os futbolistas, que se as empresas, que se os medios, que sei eu.

Por suposto. Pero a gran dimisión de responsabilidade, comeza na familia. E iso non ten que ver con “culpabilizar” a ninguén, senón co síntoma evidente de que o 85% (por dicir algo) dos galegos e galegas non se queren nin se gustan como galegos. Queren para os seus fillos outra cousa.

O Día das Letras ten algo de gran feira das mentiras. Ver a altos e altísimos cargos e cargas falar do idioma galego, as cousas que din, os requintados piropos... Que escándalo.

Pero se é máis simple! Moito máis: practicar. Antes de discursar, vai á túa casa e a ese meniño acabado de nacer fálalle galego desde o berce ou desde a caixa finlandesa. Sempre, como o máis normal, como cousa de teu, sincera, con agarimo pola raíz propia, non contra ninguén, si para sandar vellas feridas. E fálalle un galego coitado, benquerido, cultivado, reaprendido coa emoción dun namorado. Así de simple. Así de escandaloso.

Os fillos de Casares tamén dicían algo así como que despois, xa na escola e na vida, incorporaron o castelán como terceiro idioma. Madría leva! Outra revolución. Alguén honesto pensa que aquí e agora e por ben anos –con permiso de Trump e Kim Jong-un- o castelán corre perigo en Galicia?

Pois iso, que botamos de menos a inxenua chamada de Paz Lamela, aquela primeira directora xeral de política lingüística, con Xerardo Fernández Albor, si señor, mira ti, pero que cría na causa e que nos invitou a renunciar ao autoodio comezando na nosa intimidade. Esa segue a ser a proba do algodón.

Editorial A vía portuguesa e a vía morta

Sorprendentemente para algúns e algunhas -como Caballero e Silva e máis para *El País*- Pedro Sánchez volve ter o apoio maioritario da militancia socialista española (gañando en Galicia por máis diferenza aínda ca noutros territorios) e volve ser a chave para articular calquera alternativa a un goberno do PP asediado polos casos interminables de corrupción. Faino, ademais, perdendo só no País Vasco e en Andalucía, unha comunidade esta onde a corrupción precisamente asedia o seu partido. Ten un “extra”, polo tanto, de lexitimidade e forza e estaría en condicións de renovar a súa formación.

A cuestión é se haberá, nas forzas distintas ao PP, a capacidade para construíren unha plataforma de concertación e acordo, unha “converxencia de emerxencia” para cambiar un goberno dun partido sentado no banco dos acusados. Non se trata da “conquista dos ceos”, nin de poñer a andar o programa de máximos de cadaquén. Trátase de limpar, de xestionar con xustiza e dereito, con transparencia e sensibilidade social. Todos asinarían isto, pero... poñeríanse de acordo para algo máis que declaracións baleiras?

O acordo e o consenso poden converter unha suma nunha multiplicación

O acordo é posible. Está funcionando en Portugal, onde as forzas de esquerda e progresistas conformaron un goberno de unidade e desprazaron a dereita do poder. Están contendo o déficit, ao tempo que superan as políticas de austeridade para os de sempre, repartindo mellor a riqueza e mantendo un crecemento esperanzador. A vía portuguesa existe e está dando resultados. Posiblemente a acción de goberno non responda “exactamente” a ningún dos programas dos partidos aliados, nin aos seus sonhos e utopías. Xestionan sabia e concertadamente o “mal menor” que mesmo ten traza de irse asemellando a un “ben maior”. É o que ten o acordo e o consenso, que poden converter unha suma, nunha multiplicación.

A experiencia anterior á hora de concertar esa alternativa de goberno nas Cortes madrileñas foi máis ben penosa. Moita inmadurez, exceso de poses cara á galería, obsesión polo que dirán e polo que votarán, arrebatos de retórica supostamente revolucionaria e desconfianza a esgalla. Pode que haxa unha segunda oportunidade para a vía portuguesa. Pode que se insista na vía morta. Hase saber.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Moitas veces cando escoitamos novas deportivas, parece que os seus eventos son o máis importante do mundo. Os deportistas de elite creñe o centro do universo e resultan imprescindibles. Pero de cando en cando hai novas esperanzadoras. Non sei se vistes a rolda de prensa de Jasikevičius (adestrador de baloncesto do equipo lituano do Zalgiris Kaunas, para os que non saibades nada de baloncesto, un equipo grande) previa a un partido importante do seu equipo. Transcríboa, pero podeades atopala na internet.

Xornalista: Que pensa sobre a ausencia do xogador Augusto Lima na me-

tade das eliminatorias para asistir ao nacemento do seu fillo?

Adestrador: Que penso? Eu deixeiño ir.

Xornalista: Pero... É normal iso durante unhas semifinais?

Adestrador: Tes fillos? Candos os teñas, entenderalo. É a mellor experiencia do ser humano. É unha boa pregunta. Pensas que o baloncesto é o máis importante?

Xornalista: Non, pero é unha semifinal e é importante.

Adestrador: Semifinal? Que é importante?

Xornalista: O equipo...

Adestrador: Zalgiris? Importante? Cando sexas pai, entenderás que é o



máis importante na vida. Vés e falas. Porque é o mellor do mundo. Creme, nin títulos nin nada máis.

Toda unha lección de humanidade e, tal vez, unha catequese.

1



3



2



4



A peneira

1

A campaña antiherbicidas busca a participación nas iniciativas europeas (<https://stopglyphosate.org/es/>) e ante a Xunta contra a contaminación de toneladas de glifosato vertidas nas nosas terras e augas, prexudicando a nosa saúde.

2

XAQUÍN de Roca é homenaxeado o día 10 en Narón cunha pedra para lembralo, da autoría de Valdi, labrada na pedra do seu berce, nas Terras de Parga, e un libro con esta imaxe de Siro, que é a testemuña da súa inmensidade como home de ben.

3

O 27 de maio os exalumnos do Seminario de Vilanova de Lourenzá honraron a **FRANCISCO RON** Sánchez cun libro con ese título e o engadido "sacerdote republicano", da autoría de Anxo Ferreiro Currás e outros. Un home exemplar, castigado polo franquismo por "delito de rebelión".

4

Na Festa das Letras achegáronme dous amigos, Santiago Carcas e a súa compañeira Ángela Piñeiro, escritora de Lugo, o seu *Curso d'aragonés unificau*, loitando pola "FABLA". Os dous lideran a Asociación pola Recuperación dos Desaparecidos polo Franquismo, que quixo eliminar as nosas linguas.

ABONDA XA DE GASTAR NA GUERRA!



OBXECCIÓN FISCAL

ao gasto militar 2017

5

7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Chámannos á OBXECCIÓN FISCAL

ao gasto militar na declaración do IRPF, para non colaborar á violencia. En España medrou un 130% nos últimos presupostos, abusando das achegas dos que loitan por políticas de xustiza e paz.

6

O CORPUS, o 18, motiva a creación musical, e a diocese de Lugo organiza un Curso de Música Litúrxica (do 4 ao 9 de xullo): canto, órgano, dirección coral..., valorando o gregoriano, a polifonía vocal desde hai séculos (para anotarse, www.musicasacralugo.com)

7

O vindeiro 5 de xuño, ao redor das 10.00 h, teñen lugar os Encontros de Cregos de Galiza no mosteiro de Oseira para falar do cambio cultural e relixioso da **SECULARIZACIÓN**, guiados por Juan María de la Torre, monxe do Císter e un dos mellores especialistas no cristianismo antigo e tradutor da patrística. Foi capelán de Armenteira.

8

A Asociación de Veciños de Atochas-**MONTE ALTO**-Torre de Hércules celebra os seus primeiros 40 anos apoiando a iniciativa municipal de abrir na rúa Orillamar un centro nocturno para persoas sen fogar, esixindo tamén talleres e cursos para a súa reinserción.

Economía Recuperar talento

Pedro Pedrouzo Devesa



Varios anos despois da enorme recesión que padecemos e aínda en escenario de crise, seguimos sen aclarar que queremos ser de maiores. Seguimos anicados desexando que acougue o temporal e que as cousas vaian mellorando elas soas, que a auga torne ao seu rego.

A situación política non axuda porque entre a corrupción da dereita e o enroque político da esquerda, somos incapaces de poñernos dacordo en nada. Nin dentro dos propios partidos parece existir certa claridade sobre a dirección que debe tomar a nosa política económica. Tampouco sobran entre os nosos políticos persoas capaces de vadear o partidismo e centrarse no necesariamente práctico.

E mentres, o talento segue marchando. Nuns meses, os novos titulados iniciarán un camiño sen retorno ante a incapacidade de atopar un oco no noso mercado laboral. As administracións locais, que, por cercanía, poderían ter un maior coñecemento da situación dos seus campus evitan indagar nese eido, e seguen apostando por valores seguros: as pistas, as festas e o deporte profesional. É *ilusionante* a de millóns que deixamos ir en festas e diversión que, polo visto, teñen un gran retorno turístico e hostaleiro. Pero bótase en falta que

non sexamos quen de apartar unha pequena parte dese diñeiro público para apoiar os nosos mellores expedientes, a aqueles que se levan escornando durante moitos anos detrás de apuntes e libros para ser bos profesiniais na medicina, na física, na química, na farmacia ou na bioloxía, que son algunhas das áreas de maior crecemento económico e social que pode haber, e das que temos *a sorte*, por agora, de seguir proveendo a laboratorios, universidades e centros de investigación de toda Europa. Son eles os que malgastan o seu diñeiro, polo visto, pagando a xente sen futuro... no noso país.

Por iso, ás veces dóeme ser galego, ou lucense neste caso. Aínda que teña moitos motivos polos que me gabear, teño outros tantos para deprimirme ao ver como paseniñamente deixamos esmorecer as oportunidades que aínda nos quedan de facer un país próspero, se de verdade queremos apostar por algo máis que hostalería, deporte e cemento. En condicións normais non tería nada en contra destas tres lexítimas actividades. Nas condicións nas que se trata a nosa xente máis formada e estudada, realmente si.

Somos quen de programar e crear éxito a medio prazo ou preferimos seguir coa tertulia do escano?





O peto común Cheos de vida

Josecho de la Torre

Asistimos a un novo e prodixioso vídeo baixo a iniciativa do Centro de Formación e Recursos de Ferrol para fomentar a integración do alumnado. "1 000 nenos e nenas cantan Chea de Vida". É o título dun vídeo que en tan só catro días se aproximaba ás 30 000 visualizacións. Nel, un milleiro de cativos cantaron ao unísono "Chea de Vida" coa cantante Guadi Galego e o guitarrista Guillermo Fernández, baixo a dirección de Ramón Bermejo. O lugar escollido, cando menos, foi sorprendente: os talleres de Navantia deixaron por un momento a rutina e o son habitual para trocalo polas voces dos nenos, ou, máis aínda, polo entusiasmo e a ledicia de cada un deles. Esta publicación veu sendo un agasallo na previa das Letras Galegas, que este ano lembraba a figura de Carlos Casares; moitos centros educativos partillárono polas aulas e nos actos realizados durante esa semana. Un bo e oportuno tributo para a nosa lingua e o noso sentir, que semella falto de iniciativas como a realizada na contorna de Ferrol. Oxalá que se repita máis veces, contando, como nesta ocasión, cos nosos artistas. Guadi Galego representa, hoxe por hoxe, unha das mellores voces femininas e, polo tanto, é motivo de festexo que fose ela quen interpretase unha canción do seu disco "Lúas de outubro e agosto" con estes escolares de Primaria e Secundaria. Parabéns a todos os que dalgún xeito soñaron e nos encheron de vida.



O CARRABOXO por ROBE LOIS





Miguel Braña Montaña tradutor e socio fundador de Catro Ventos Editora

Conversamos con Miguel Braña Montaña, tradutor e socio fundador de Catro Ventos Editora, unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro, fundada en Vigo en 2016 e constituída por cinco persoas. Catro Ventos xurdiu da constatación de que existe un baleiro no mundo editorial galego nos eidos da economía social e da ecoloxía, malia ao interese cada vez maior da sociedade por estas cuestións. A ese feito hai que sumarlle o desexo de poderen desenvolver unha actividade profesional viable economicamente e, ao mesmo tempo, asentada sobre principios éticos, ambientais e sociais.

Botar a andar hoxe en día unha nova editorial en galego parece toda unha ousadía. Por que vos decidistes a facelo?

Son dous os motivos principais. Dunha banda, como consumidores, botabamos en falta poder ler libros sobre ecoloxía, economía social e consumo responsable na nosa lingua. O galego, tan decote unha lingua desprezada noutros contextos, é un idioma de prestixio no eido da economía alternativa e queríamos traducir títulos ao noso idioma sobre estas temáticas.

Por outro lado, este proxecto é un intento por desenvolver unha actividade profesional que non só sexa viable economicamente, senón tamén coherente cos principios éticos das persoas socias que participamos no proxecto. O aspecto económico é importante, pero non debería ser o único cando analizamos o valor dunha iniciativa (a miúdo, confundimos «valor» e «prezo»).

Que temas son os que máis vos interesan?

Temos catro grandes liñas temáticas nas que queremos traballar: a eco-

É certo que os primeiros títulos son unha declaración de principios

nomía social, a ecoloxía, o consumo responsable e a educación alternativa. Hai un quinto tema que consideramos transversal a todos estes; trátase dos dereitos humanos. Por suposto, cada un deles é moi amplo e, en realidade, acotío solápanse e sucede que algúns libros abordan varios deles simultaneamente.

Ademais do profesional, vese que detrás do voso traballo hai un forte com-

promiso persoal e social. Cales son os principios que vos moven?

Sen dúbida, esta é unha aposta persoal dos cinco socios que formamos Catro Ventos. Desde o primeiro momento tivemos claro que queríamos constituír unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro. Todos estes termos son importantes: a fórmula cooperativa garante a práctica dunha clara democracia interna (unha persoa, un voto) e a ausencia de lucro evidencia que o único que pretendemos é obter un salario digno polo noso traballo, calquera posible beneficio sería reinvestido no proxecto para aumentar o número de libros publicados ou para crear novos postos de traballo.

Por outra banda, cremos que isto senta unhas bases sólidas para cooperar tamén con outras entidades da economía solidaria e alternativa galega. Por iso Catro Ventos Editora é socia de REAS Galicia. Os principios que se defenden desde a Rede de Economía Alternativa e Solidaria son tamén os que nós practicamos: equidade, ambiente sustentable, condicións xustas de traballo, cooperación, economía sustentable e compromiso coa contorna. Especialmente valiosa é a ferramenta da «auditoría social», que permite valorar o rendemento dunha entidade tendo en conta unha combinación de aspectos económicos, sociais e ambientais.

Tendes traducido ao galego xa varios títulos; con que criterios elixides as obras para traducir?

Na editora traballamos dúas persoas especializadas en deseño e marketing, e tres tradutoras. A escolla dos primeiros títulos fixémosla entre todos, considerando que libros nos gustaría ler a nós como consumidores. É certo, ademais, que os primeiros títulos son unha especie de declaración de principios.

O primeiro libro publicado titúlase *Transición ecolóxica. Manual de uso.*



Os autores son Philippe Frémeaux (antigo director e colaborador da revista *Alternatives économiques*) e Aurore Lalucq e Wojtek Kalinowski (codirectores do laboratorio de ideas francés *Institut Veblen*). Nel abórdase a necesidade de cambiar de modelo económico para ser quen de afrontar o cambio climático e o esgotamento dos recursos. Unha análise rigorosa e asequible do Antropoceno e das claves para avanzar cara a unha sociedade sustentable.

Pouco despois tamén publicamos *A ruta dos refuxiados*, o único dos libros que, polo momento, non é unha tradución. Parecíanos importante tomar posición ante a gravísima situación que viven as persoas que tentan chegar a Europa fuxindo de diversos conflitos. Por iso colaboramos con catro fotoxornalistas (Unai Beroiz, Felipe Carnotto, Adrián Irago e Juan Teixeira) e un xornalista (Cristian López) para elaborar unha compilación de fotos en branco e negro coas que denunciar a súa experiencia na súa viaxe desde Lesbos (Grecia) a Calais (Francia).

Por último, tamén tivemos a oportunidade de colaborar con Karma Films para ofrecer o documental *Demain*

(*Mañá*) con subtítulos en galego. Este afamado filme, dirixido por Caryl Dion e Mélanie Laurent, recibiu un premio César ao mellor documental e ofrece numerosos testemuños de proxectos e persoas que en todo o mundo están a traballar por facer deste planeta un lugar mellor.

Como é a aceptación que están a ter estes títulos en galego?

Tendo en conta que publicamos principalmente ensaios, que non é o xénero máis demandado, estamos moi contentos de como se está a recibir. Tanto as vendas como a recepción nas redes sociais e nos diferentes eventos que organizamos están a ser moi positivas.

Da vosa última publicación, *Limpeza Creativa*, dicides que é un “manual

Temos catro grandes liñas temáticas: economía social, ecoloxía, consumo responsable e educación alternativa

práctico de ecoloxía doméstica? Que podemos descubrir nel?

Hai só unhas semanas publicamos este novo libro. É a tradución da obra de Elisa Nicoli, unha documentarista, xornalista e educadora ambiental ita-

liana. Nela ofrece receitas para elaborar produtos de limpeza (para a casa e para o corpo). Ademais de ensinar a facer estes produtos, tamén ofrece consellos e explica como avaliar se os produtos que atopamos nos comercios son realmente ecolóxicos. Por último, no libro tamén incluímos unha listaxe de produtores galegos que fabrican este tipo de produtos de forma artesanal.

E xa para rematar, onde podemos atopar e mercar os vosos traballos?


Todos os nosos títulos están dispoñibles na nosa páxina web: <http://catroventos.gal>. Ademais, pódense atopar na maioría das librarías galegas e tamén chegamos a acordos con varios puntos de venda «amigos» que comparten a nosa filosofía e ofrecen pro-

ductos ecolóxicos, artesanais e de proximidade (están enumerados na sección «Puntos de venda» da web). Tamén procuramos participar en eventos culturais e sociais como o Culturgal ou a recente Feira de Sementes de Lebos.



Ler para camiñar María Reimóndez, unha boa noticia

Juan Antonio Pinto Antón



Novela para tratar de entender esta fenda entre o norte e o sur, entre a opulencia e a miseria, entre o consumismo e a ecoloxía

Fartos de malas noticias na lameira onde conflúe o peor da política e os cartos sucios, cae nas nosas mans o libro *Desde o conflito*. Entre tanta palla, este libro hai que colocalo no monte escollido do gran. E non porque lle desen o Premio Xerais: hai premios con máis marketing que literatura.

Trata de xornalismo, profesión esmorecente e ameazada desde as balas e os medos, desde a censura e a autocensura. Para a nosa desgraza, desde que se inventou a imprenta, a liberdade de expresión volve ser a vontade do dono da imprenta.

Da man da protagonista, percorremos puntos quentes dun planeta con pouca xeografía temperada. De Iraq a Afganistán, de Zaire a Etiopía, desde Haití ata Sri Lanka, pasando polas paisaxes de pedra de Compostela, pola Vetusta da Chaira, que din Vilalba. E por Berlín, Barcelona, tan europeas, tan estranxeiras, útero morno para se protexer da intemperie do mundo inhabitable, tan desadornado de seres humanos e onde a ditadura dos cartos é o poder mundial máis recoñecible. Engadimos paisaxes do horror en México, en Serra Leoa, en Siria, en Gaza, teatros onde sobreviven os silenciados.

A xornalista Saínza Combarro vai, mira, fala escoitando e conta a verdade, cousiñas que esquece o xornalismo entretecido de comunicados de prensa dos gobernos ata se transformar en caxato dos poderes.

Guerras e cascallos, nenos e moscas, amizades e sentimentos, ese norte tan arriba, ese sur tan abaixo. Unha ollada de muller sobre este caixón de xastre onde uns poucos constrúen o benestar nas ruínas da inmensa maioría con cores femininas.

Novela sobre o xornalismo e a decencia. Neste oficio, na novela de Reimóndez non collen os cínicos, axioma de Ryszard

Kapuscinski. Volve ser imprescindible o de ir, ver, escoitar e contar a verdade, dar voz aos silenciados, vacinarse contra o cinismo e sentir o conflito en carne viva.

Novela para tratar de entender este crebacabezas, o planeta roto, esta fenda entre o norte e o sur, entre a opulencia e a miseria, entre o consumismo e a ecoloxía. E de como para sobrevivir precisamos a nosa dose de amizade, de sentimentos, de quentura humana. Si, *Desde o conflito* éche unha boa novela. E María Reimóndez, unha boa noticia.

Actualidade Acampa pola paz e o dereito a refuxio

Rubén Sánchez (responsable de Comunicación de Acampa)

ACAMPA

POLA PAZ E O DEREITO A REFUXIO

recibimos informacións de acontecementos graves que nos impactan: guerras, fame, escravitude, paro, violencia, exclusión... e que provocan o éxodo de millóns de persoas. Seres humanos que foxen da dor, o sufrimento e a morte buscando refuxio. Somos moitas as persoas que queremos actuar, pero non sempre sabemos como. ACAMPA é unha iniciativa cidadá sen fins de lucro integrada por colectivos sociais, culturais, educativos, veciñais, políticos, sindicais, artísticos, de persoas solidarias, de institucións e empresas con responsabilidade social... ten como obxectivo a defensa dos dereitos humanos, o Dereito Internacional Humanitario e o Dereito a Refuxio, afondando nas causas dos acontecementos.

Do 15 ao 18 de xuño na Coruña terá lugar unha gran conversación: Acampa pola paz e o dereito a refuxio.

A Coruña será testemuña de numerosas fotografías, documentais, conferencias, xogos, concertos, etc. que, aínda que terán lugar en diversos barrios e lugares, gravitarán ao redor da reprodución parcial dun campo de refuxiados. Nos xardíns de Méndez Núñez instalarase esa reprodución e, ao seu lado, persoas e colectivos poñerán a súa tenda de campaña significando a solidariedade coas persoas refuxiadas. Unha exposición de fotos xigantes do premio Pulitzer Javier Bauluz correrá desde os mesmos xardíns ata Porta Real. Haberá visitas guiadas ao campo de refuxiados e ás exposicións fotográficas, así como charlas cos fotógrafos que documentan nas súas exposicións os temas da guerra, a viaxe de exilio e a vida nos campos.

Nunha gran carpa nos xardíns, terán lugar coloquios e encontros con persoas refuxiadas, voluntarios, representantes de ONG que actúan sobre o terreo, xornalistas expertos no tema... Miles de persoas terán á man información, impresións, experiencias, imaxes, contacto coas persoas protagonistas (refuxiadas e voluntarias); haberá xogos formativos para nenas e nenos e tamén concertos.

Toda unha tarefa de enorme complexidade técnica que contou desde o inicio co apoio de decenas de persoas voluntarias, con máis de trinta colectivos grandes e pequenos, co apoio institucional do Concello, a Deputación e a Universidade, que xa está a contar coa atención dos medios... para facer un tipo de evento que poida ser replicado noutras localidades e outros países; para formar unha rede de información, intercambio e mobilización en toda Europa; para que os gobernantes oían dunha vez a voz das persoas ás que, por tratar de circular libremente, eles condenan á morte, á enfermidade, á miseria e á non existencia legal.

Acampa pola paz e o dereito a refuxio!

Utopía O amor é a enerxía universal

Este texto circulou hai poucos anos como unha carta de Einstein a súa filla Lieserl. Os expertos na biografía de Albert Einstein restan autenticidade ao texto que, supostamente, sería parte das 1.400 cartas que a finais dos anos 80, Lieserl, a filla menor do Nobel de Física -da que se ignora moito máis do que se sabe-, doou á Universidade Hebrea, coa orde de non facer público o seu contido ata dúas décadas logo da súa morte. For ou non auténtica, a carta en cuestión é ben fermosa e suxestiva. Velaí:

Cando propuxen a teoría da relatividade, moi poucos me entenderon, e o que che revelarei agora para que o transmitas á humanidade tamén chocará coa incompreensión e os prexuízos do mundo. Pídoche, aínda así, que a custodies todo o tempo que sexa necesario, anos, décadas, ata que a sociedade avance o suficiente para acoller o que che explico a continuación. Hai unha forza extremadamente poderosa para a que ata agora a ciencia non atopou unha explicación formal. É unha forza que inclúe e goberna todas as outras, e que ata está detrás de calquera fenómeno que opera no universo e aínda non sexa identificado por nós. Esta forza universal é o amor.

Cando os científicos buscaban unha teoría unificada do universo esqueceron a máis invisible e poderosa das forzas. O Amor é Luz, dado que ilumina a quen o dá e a quen o recibe. O Amor é gravidade, porque fai que unhas persoas se sintan atraídas por outras. O Amor é potencia, porque multiplica o mellor que temos e permite que a humanidade non se extinga no seu cego egoísmo. O amor revela e desvela. Por amor vívese e mórrese. O Amor é Deus, e Deus é Amor. Esta forza explica todo e dá sentido en maiúsculas á vida. Esta é a variable que obviaamos durante demasiado tempo, talvez porque o amor nos dá medo, xa que é a única enerxía do universo que o ser humano non aprendeu a manexar a vontade.

Para dar visibilidade ao amor, fixen unha simple substitución na miña ecuación máis célebre. Se en lugar de $E = mc^2$ (a enerxía dun corpo en repouso "E" é igual á súa masa "m" multiplicada pola velocidade da luz "c" ao cadrado),





aceptamos que a enerxía para sandar o mundo pode obterse a través do amor multiplicado pola velocidade da luz ao cadrado, chegaremos á conclusión de que o amor é a forza máis poderosa que existe, porque non ten límites.

Tralo fracaso da humanidade no uso e control das outras forzas do universo, que se volveron contra nós, é urxente que nos alimentemos doutra clase de enerxía. Se queremos que a nosa especie sobreviva, se nos propoñemos atopar un sentido á vida, se queremos salvar o mundo e se cada ser sentise que nel habita, o amor é a única e última resposta. Quizais aínda non esteamos preparados para fabricar unha bomba de amor, un artefacto bastante potente para destruír todo o odio, o egoísmo e a avaricia que abordan o planeta. Con todo, cada individuo leva no seu interior un pequeno pero poderoso xerador de amor cuxa enerxía espera ser liberada...

Cando aprendamos a dar e recibir esta enerxía universal, querida Lieserl, comprobaremos que o amor vénceo todo, todo o transcende e todo o pode, porque o amor é a quinta esencia da vida. Lamento profundamente non che saber expresar o que alberga o meu corazón, que latexou silenciosamente por ti toda a miña vida. Talvez sexa demasiado tarde para pedir perdón, pero como o tempo é relativo, necesito dicirche que che quero e que grazas a ti cheguei á última resposta! O teu pai.

Albert Einstein

O noso taboleiro

Recoñecemento a Xaquín Campo Freire

Nieves Espiñeira Medín



Saúdos agarimosos, amigas e amigos:

Seguramente xa che chegou por algún medio a noticia de que no serán do día **DEZ DE XUÑO** se vai celebrar un encontro de recoñecemento comunitario ao traballo e á persoa deste noso benquerido amigo **Xaquín de Roca**. A organización da tarde será a seguinte:

1º.- Comezo. Ás **cinco** da tarde, na parroquia de **PIÑEIRO - NARÓN**, da que foi o primeiro cura (ao lado do Asilo-Residencia San José), erixírase en terreos municipais, na súa memoria e para honra de toda a comunidade e de todos os amigos e amigas, un monólito con inscrición gravada incluída: “**XAQUÍN CAMPO FREIRE**. Compañeiro de camiño. Ganduxador de novos amenceres. Galiza no corazón”.

2º.- Ás **seis**, no **Auditorio Municipal, Praza de Galicia** (ao lado do Concello de Narón, Alto do Castaño), haberá un programa moi completo de actos con participación activa e a presenza de xente vida de toda Galiza. Pensamos que vai valer moito a pena. A entrada é pública. Vai reservando a data na axenda.

Dentro duns días difundirase por diversos medios de comunicación o programa detallado con todas as intervencións e dando conta cumprida da **publicación dun libro que xa está a saír: Ganduxando vidas**.

Neste encontro de recoñecemento **colaboran**: Concello de Narón, Galicia Digital, Asociación Xermolos, Irmandade Manuel María, Irimia e Encrucillada e todos os amigos e amigas das diversas parroquias nas que traballou.

No nome do grupo @ganduxandovidas, con toda a amizade,



Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricons@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Recibide o Espírito Santo

Este relato do evanxeo de Xoán ten unha serie de claves significativas que nos poden axudar a entender o proceso polo que pasou a primeira comunidade de discípulas e discípulos de Xesús ata ser capaces de crer na súa resurrección.

En primeiro lugar, atopamos a experiencia do medo (Xn 20, 19). Este sentimento evoca o vivido por aquelas persoas que contemplaban atónitos o final daquel profeta que lles devolvera a esperanza en Deus e na vida. O medo levounos/as a encerrarse na casa e acougar na escuridade e no desalento. Pero apesares das “portas pechadas”, Xesús achégase ao seu carón e serena o seu animo dicíndolles: “A paz convosco”.

Nun segundo momento, o xesto de Xesús de lles mostrar as súas feridas, axúdalles a mirar de fronte a experiencia traumática vivida e a empezar a entender o seu sentido. A ledicia comeza a iluminar os seus rostros (Xn 20, 20), pero aínda queda camiño por andar, por iso o mestre, de novo, dilles: “A paz convosco”, pois aínda teñen que deixar que de novo acougue nos seus corazóns, a confianza e a esperanza perdida e se faga en eles memoria apaixonada os recordos e as ensinanzas compartidas polos camiños de Galilea.

Neste intre, Xesús resucitado pode invitalos/as a ser voceiros/as do Deus do Reino, a continuar a súa misión (Xn 20, 21). Agora comezan a entender que teñen que facer, pero o camiño non vai ser doado, teñen que desaprender moitas cousas, reconciliarse co pasado e perdoar o mal que lles ferira. O Espírito será o seu novo compañeiro, el lles axudará abrir as portas e a ser audaces.

Carme Soto

O ECO

Hai días que pesa o po dos anos e dos quilos. Pesa a incompreensión, a miña e a allea, intereseira ou pura limitación. Pesa o xuízo, todos os xuízos e até pesan os pensamentos, os recordos, bos malos e insípidos. Pesan tanto os consellos non solicitados e mais aínda o esforzo continuo por non dar unha mala contestación. E doen como maniotas até na alma as palabras reprimidas, as bagoas tragadas e os berros sufocados. Pesan as facturas por cobrar e por pagar, os pratos sen fregar amoreándose... que sei eu. Hai días que pesa todo e chegas ti, soprando alento tenro e fresco, maino respirar que latexa como raiola que atravesa a materia que se revela transparente, porosa, e inconsistente...Entón é cando eu volvo a sentir o aire que me atravesa, tocando unha nova cantiga que me namora, en cada folla unha nota, vertendo arrecendo nas miñas polas e me envías lonxe, lonxe, tan lonxe como ti queiras. Respirar e quedar limpa e saber, saber de certo, que non son eu que todo es ti, que calar isto é mancar a quen non sabe que todo, rematadamente todo, é aire. Que a materia prima dos nosos pesares é aire, risa, amor tenro e vibrante. Saír aos camiños a berralo é unha obriga, aquí, neste chan, nesta hora precisa, con este pobo concreto. Que non fique ninguén sen sabelo, que non falte o perdón nas nosas mans e os nosos beizos. Ai de quen o cale... hai de quen conteña o amor e lle poña cancelas... Axiña, cómpre xa.

Christina Moreira

A CLAVE

DOMINGO 4 DE XUÑO. FESTA DE PENTECOSTE


A PALABRA. Xn 20, 19-23

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles: «Paz convosco.» Dito isto, mostroulles as mans e mais o costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez: «Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.» E dito isto alentou sobre eles, e díxolles: «Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.»

A PALABRA

Falando da lingua De remedios...

Lidia e Valentina



E a vós púxosevos nalgunha ocasión a cara coma a grana? Tivestes a curiosidade de consultar o que é a grana? Se non lle destes feito a hora, dirémosvos que a grana é unha planta silvestre que medra nos comareiros e que ten unha flor en forma de acios pechos de boliñas (as sementes) que, se as fregades, soltan un líquido granate; de aí o seu nome popular, grana. Cando no último número nos veu á cabeza esta expresión, así expontaneamente, porque a narración a fixo aflorar, envolvéusenos o corpo de morriña, de nostalgia, e acordámonos da avoíña Telós, que tiña de seu esa frase, e chegamos a aquelas tardes de verán, cando eramos nenas e

viña o tempo de meter a herba seca para todo o inverno. Había que ir case tamén pola forza da calor buscar os carros de herba aos herbais que estaban no fondo do lugar. As vacas querían moscar, porque as picaban as moscas, e os tabáns, e os abellóns, e parabamos na Alberciña, onde había a grana, para untar as vacas con ela e así darlles escorrentado as moscas... Non había insecticida coma ela... Ecolóxico, económico... E seica tamén metían a grana nos buratos das toupeiras para escorrentar as toupas, para que non estragasen os cultivos. Onde van aqueles tempos, cantos traballiños e canta cousa levaron con eles..., moitas probablemente evita-

bles... Ao mellor, coñezades a grana co nome de herba moura ou pulgueira.

E vennos á cabeza a celedonia, que seica era boa para calquera problema da pel, calquera dermatite: había que se untar con ese zume laranxa que solta ao cortala. E a folla de asubiote e mais a xarxa, que facían emplastos con elas e poñíanas nas cortaduras, para que curasen sen se infetaren. Ou a flor de sabugueiro, que facían infusións para sudaren de noite e curaren as gripes; cando o mal estaba máis centrado na gorxa (incluso nos bronquios, seica!), facían infusións de flor de romeu, deixábana feita da noite e, á mañá, en xaxún, tomábana con mel. Seica non había mellor remedio! Tamén usaban a barba do millo e mais os rabos de cereixa en infusións para os problemas de urina.

Eran outros tempos...

Celedonia para a pel
herbas con remedios
insectos

O Fachineiro de Talía

Sentido común

Talía era unha das dúas musas do teatro; da comedia, para máis datos. Cáeme simpática porque é unha musa rural e o seu nome vén do verbo grego florecer. Talía é tamén o nome dunha das poucas compañías de teatro galegas que a este fachineiro lle ofrecen garantía antes mesmo de ver a obra. Agora andan embarcados en varios proxectos simultáneos, e desta feita quería salientarllos dous. E ningún deles ten moito de comedia. O primeiro é *Os mortos daquel verán*, unha adaptación da obra de Carlos Casares ambientada nos primeiros días da Guerra Civil. Trátase dunha declaración xudicial recollida por un funcionario que interpreta de forma magnificamente conti-



da Toño Casais. A través das páxinas do libro ou das escenas da peza, podemos reconstruír unha sociedade dominada por un dogmatismo que xa sabemos en que acabou. O segundo proxecto é un vídeo que dende hai un par de semanas pode verse en youtube e que leva por título *SC, sentido común*. É unha curtametraxe de dez minutos no que a unha rapaza lle propoñen unha experiencia única, un cambio absoluto na súa vida cotiá, unha nova forma de ver o mundo. O vídeo, presentado cunha estética futurista é, porén, real coma a vida mesma. E quen queira saber máis, que o vexa.

A.Q.